

'Galiza Mártir'

(Novo Album de
CASTELAO)

As vellas que queren que haxa probes para poderen ser caritativas e iren ao ceo por un ichavo, non se exprican en qué poida consistir a caridade en Castelao.

Os que se sinten bós e coidan ter comprado con que unha bágoa lles faga un ollo, toparán sempre demasiado enxoiro o humor de Castelao.

Os que van moi tesos coa súa vanidade pol-a rua, torcen a esquina indo o ven. Sintense descubertos...

Os que rin co ventre, non estarán a súa risa.

Os que somente se doen do que entez na súa casa non comprenden a súa door.

Os que coidaban que non todo ía mal como él dicía—ou que o non era tan fero como él o dicía—tiveron que agardar anos se convenceren.

Os que non daban creto á súa vida rida razón, teñen que ver agora tremenda razón tiña.

Os que a vanidade levaba garras baixas e guantes.

As caras de porco que él vía porces, mais que levasen mitra, vese agora que, certamente, eran de porco.

E aquilo que él amaba: as caras un tempo indómitas e doces dos montesíos, o saber íntimo lo-o como o serán na faciana dos vellos labradores, o quieto ardar que hai até a morte nos ollos das campesiñas galegas, a gran verdade, nunca desmentida, que transcurre pol-os nosos ceos locintes e neboentos—todo iso é, unha volta a mais, aldraxado e esquecido.

Mais agora o aldraxe leva un irreverente frenesí que non ten semellanza no recordo.

E outra volta érguese o espírito de Castelao para xuntar a súa armas do pobo.

As súas armas son verdades que tran pol-os ollos; e o seu arte, un acto de falar galego dibuxando.

Vede a súa derradeira constelación imaxes. Mostrádelas a quen viva da en morna indiferenza. E si alguén que non desperte vén, é que ten xa o peito valdeiro ilo vendendo pouco a pouco.

R. D.

NON DEDES
ICHAVO AOS CÓMPlices
DO FEIXISMO.

MORREDE DE FAME DE
NTES DE MERCAR UN
O AOS QUE DEFEN-
EN AOS OPRESORES
DE GALIZA!

QUE ESTADES LONXE
MEN PODEDES LOI-
TAR DENDE LONXE.

UNIDE A VOS DE TODOS.

UNIDE A FORZA
DE TODOS.

UNIDE A DIGNIDADE
DE TODOS.

GALEGOS DIGNOS DE
TODOL-OS PAISES:
UNIDEVOS!

AS TRES
PLAGAS


¿Quén ensumen ao pobo hespañol na barbarie, na iñorancia e na miseria? Foi o militarismo fachendoso e traídor; foi o clericalismo hipócrita e sensual; foi o capitalismo cobarde e cobizoso.

Esa Hespaña morrerá violentamente. Os militares hespañoles sentíanse ofendidos na súa dignidade de patriotas i entregaron Hespaña ás hordas extranxeiras; os cregos hespañoles sentíanse feridos nos seus sentimentos de católicos e xogaron a Eirexa na ruleta incerta da guerra; os ricos hespañoles sentíanse atacados nos seus intreses de clase e deron todo canto tiñan para afundir a economía nacional. A morte que lles agarda é un verdadeiro suicidio.

Esa Hespaña non quería abolir parte dos seus privilexios e perdeunos enteiros; non quería renunciar a parte das súas regalías e xa non lle queda ningunha; non quería ceder parte das súas riquezas e leváronllas todas. Era unha Hespaña derrotada que defendía unha Hestoria vergoñenta; era unha Hespaña irrelixiosa que defendía una Eirexa corrompida; era una Hespaña precapitalista que defendía uns privilexos anacrónicos. Esa Hespaña matouse pol-a súa man.

Mais compre que falemos das tres plagas por separado. Así ninguén poderá chorar a súa morte.

CLERICALISMO



Primeiramente: O sentimento relixioso na Hespaña era unha frór arrecendente que nacía no estercor.

O clericalismo hespañol, como forza, era a menopausia defendida pol-o histerismo; como idea era a presbicie sen anteollos; como categoría era unha popa de vella enfardada nuns calzóns de baeta.

O clero hespañol estaba formado por prófugos da agricultura. Cando sabían latín chegaban a Bispos i esquecían dispois o latín. Mosqueábanse do Papa, non creían en Deus e botaran das Eirexas ao pobo traballador. Poñían casullas en forma de guitarra. Cantaban «flamenco» en vez de «gregoriano». Vivían do Purgatorio e morrían de apoplexia.

Os clericales hespañoles poñían na porta da casa unha efíxie do bon Xesús de Nazaret, estampada en folladelata, e dentro do fogar vivían acochambados cos sete pecados capitais. Mercaban indulxencias e prestaban diñeiro ao cen por cen.

O símbolo fundamental da Eirexa hespañola xa non era a cruz latina; era a cruz gammada. Xa non era o emblema da redención cristián; era o símbolo da paganía. Calisquera día veríamos a cruz «swástica» nos altares.

¡Por algo Deus deixou queimar eirexas!

MILITARISMO



Primeiramente: A bravura castrense dos militares hespañoles era o medo que metía medo.


O cuartel hespañol era un convento onde se repartían «hostias» a total-as horas. Alí xurabase, blasfemabase, marcabase o paso, comíanse patacas e tocábase a corneta. Alí era onde os xefes e oficiais escollián «asistentes». Alí metíanlle aos «quintos» unha bolina na cabeza — a Patria oficial — como se fosen botellas de gasosa.

Os militares hespañoles eran homes que usaban bigotes e padecían catarro crónico. Levaban plumas, ferros e botóns dourados, para namorar mulleres. Gustaban máis das procesións que das batallas. Perdían as guerras; pero sempre grroriosamente, ¿eh? Eran cabaleiros no Casino e arrieiros na casa. Chegaban a xenerales pol-o «riguroso turno de antigüedades». Non sabían dicir «¡Viva la República!» e decían «¡Viva España!» Levaban a «marcha real» no corazón. Morrían de prostatitis crónica (nos militares hespañoles todo era crónico).

Os militaristas hespañoles amaban a «intanxible unidade de Hespaña» e odiaban a Catalunya. Mamaban o patriotismo no «A B C». Coidaban que Isabel a Católica descubriera as Américas. Gardaban na casa unha bandeira monárquica e un retrato do rei. Lembrábanse de Cánovas, de Sagasta, de Maura e de María Cristina. Tiñan unha espina cravada no corazón: Xibraltar. Compraran «marcos» e aínda eran xermanófilos. O «himno de Riego» íaos matando pouco a pouco.

¡Por algo o pobo vai gañar esta guerra!

CAPITALISMO



Primeiramente: O capital hespañol era unha cousa que servía para vivir sen traballos nin cavilacións.

Os Bancos eran tendas de diñeiro, en comisión, para vender pesos a sete pesetas. Prestaban diñeiro aos industriais, para arruinálos, e non consentían que os probes chegasen a ricos.

O diñeiro hespañol era un obxecto de culto, tan sagro que todos o veneraban. Abonda dicir que no tempo da monarquía andaban os cartos con emblemas da primeira República e na segunda República andan os cartos coa efíxie do rei. Os monárquicos gardaban amorosamente o diñeiro republicán e os republicáns non guindaban co diñeiro monárquico.

Os capitalistas hespañoles eran March, Romanones, etc.

Os ricos hespañoles vivían de cortar cupóns. Herdaran mares de pan onde morrían de fame os labregos. Andaban en autos que ían a ningures. Tiñan mulleres que falaban mal do «servicio». Ían a misa de doce e valdeiraban a folla dos pecados unha vez cada ano. Morrían dos disgustos que lles daban os fillos.

¡Por algo Hespaña non era un país industrial!

CASTELAO

Barcelona, 1.º de abril de 1937.

Democracia galega

por
RAFAEL DIESTE

Non houbo endexamais «monárquicos» nin cousa semellante en Galiza, e veredes porqué. O mito do rei aínda vivía na Galiza reverenciosa dos montes isolados, do gran respeto, dos camiños longos e do se erguer cedo. Sabían os labradores de Galiza a hestoria moi leida de Carlo Magno, e outras hestorias de grandes cabaleiros. Levaban no espírito a lembranza d'aquel rei dos contos que sempre ten tres fillos ou tres fillas, e que unhas veces morre en desamparo por lles cedel-os bens en vida, e outras escolle primeiro, moi sotilmente, ao mais leal e dalle o mando — porque él xa é moi vello — para que faga xustiza. ¿E qué quer dicir esto? Que o rei da lenda era para a lembranza galega un home arriscado, xusto, de boa caste, con forza e virtudes que o facían merecente de ser ollado como o arbore meirande e mais vello do bosque. En disgracia pode ser o rei Lear. En ventura pode ser un santo c'unha espada... E velahí por qué Galiza non podía ser «monárquica». Non o foi endexamais.

Eran monárquicos na Hespaña todol-os que non creían na maxestade — alabeeiros, hipócritas, trepadores —, e todol-os que tiñan algo que perder menos a vergonza. Si os instintos de todos eles houberáanse de xuntar n'unha aliñanza, encargándolle ao demo de lle dar figura, o que saíra bruando do alfar do inferno sería o vello dragón das lendas — estase vendo agora —; i-o san Xorxe que lle saíse ao paso na encrucillada tería de xurdir — como tamén agora se está vendo — d'aquela concencia inxel e milenaria do pobo.

O pobo era o gardador da única maxestade que quedaba na Hespaña. O rei — e os que deixou atrás de sí na súa fuga — endexamais fixeron outra cousa que deshonorar total-as encomendas. Era xa unha vergonza ser alcalde, gobernador ou diputado. Era unha vergonza ostentar calquer autoridade. Porque, mentras non se demostrase outra cousa, o que ostentaba autoridade era un servo de espírito.

Desde os porteiros do consistorio de calquer pequena vila, ate o curuto da soberanía, case que non había xa mais que lacaios, mais ou menos finchados, sen outro vellelo que os unise a todos que os enredos de todos, nin outro pacto consabido que renunciar á dignidade.

O pai tiña perdido tamén a maxestá de pai, e cando despedía ao fillo e s'arredaba con él para lle dar o consello confidencial, dicíalle: «Meu fillo: non teñas dignidade. ¡Non-a teñas, meu fillo, e faraste respetar!» E o fillo ben mandado chegaba casi sempre aos curutos do mando e faguía despois favores aos que fosen tan bós como él, aos mais indinos.

Chegou un intre en que xa non se daban segredamente eses consellos. Chamábase soberbio, baulaque, heirexe, ao que aínda quixera defender a pouca maxes-

tade verdadeira que ía quedando na Hespaña.

Tiña moitas espadas e moitas escopetas, e predicadores que sacaban de súbito cristos e caliveras, esa inxente cofradía do deshonra.

E velahí: coñecían tan pouco aqueles dignatarios todo o que fose dignidade; estaban tan lonxe da tradición — eles, que non falaban d'outra cousa —, tan lonxe das fontes inmortes de canto vai nacendo ben nacido, tan arredados da Hespaña profunda e criadora, que en canto remataron de se poñeren d'acordo — coñecendo que o acordo das arcas e as espadas era todo — e berraron «¡Arriba España!», a Hespaña ergueuse, sí, para se botar enriba d'eles, cos dentes, como fose...

«Con esta Hespaña non se pode», deberon pensar. E para seren fideles ao seu deshonra tradicional, provocaron unha invasión extranxeira, hipotecaron o noso chan, mataron tan sen tino que non se entende, se non se sabe que abonda ser, moitas veces, un home digno para que eles se sintan ofendidos.

Mataron con esta consiña segreda — na que non tiveron siquera que poñerse d'acordo —: había que rematar co honor da Hespaña, había que asesinar a maxestade. Foi a gran rebelión dos lacaios de sempre, da Hespaña apodrecida no servilismo. Non preguntades por qué matan os monárquicos — con rei ou sin él. Non preguntades por qué matan os feixistas a tal ou cal persoa... ¡A todos pol-o mesmo!

¿Sabedes que os falanxistas levaban sempre unha fusta — que é xa como unha cobra inxertada na man — e que na retaguarda cruzan con ela a cara do que ten só un lampo de cristiandade nos ollos e, querendo ou sin querer, deixaa traslocir? ¿Sabedes que a moitos homes matáronos a paus? ¿Sabedes de qué xeito requintado preparan con inxurias a morte de quen saben que ten algunha verdade no corazón? ¿E sabedes como se chaman a sí mesmos en Galiza?... «¡Caballeros de Santiago!»

Sempre foron así. Sempre se chamaron a sí mesmos «caballeros». (Ainda que moitos d'eles, denantes de tel-a fusta, nin se chamaban burreiros... Lembáronse do consello do pai e fixéronse cabaleiros.)

¡Macabro carnaval! ¡Bandeiras, uniformes, pasodobles, inxento e lucerio nas egrexas en que se minto a Cristo! E nos escarpates, a maxestá de Alfonso XIII para quen queira ter por catro cartos esa vergonza na casa.

«¡Meu rei!», decíalle a nai ao fillo cando era pequeno e aínda non tivera que se sublevar contra o consello do pai. «¡Meu rei, di Galiza diante de cada fillo sagrifcado pol-a súa honra. Porque d'estes mortos, é, para sempre, a soberanía.

A Nova Galiza é republicana. A vella, a mais vella que aínda podemos ver de nenos os que non somos vellos, era republicana tamen. Fundábase en tradición popular, non en autoridade con cetro ou vara. No seu xuízo tiña en conta o xuízo dos antergos, e a súa democracia acollía a vos dos mortos, dos que inventaron as artes campesiñas e os refrans luminosos. Na i-alma dun galego de aqueles tempos xuntábase unha asamblea milenaria. En ela po-

dían ter mais locida presenza de lembranza os héroes lexendarios. Pero en ela os mesmos héroes escoitaban...

Esa profunda democracia da vella Galiza — na que se unía a vos de todol-os tempos deica o tempo presente — é dilatada, non desmentida na súa estirpe, pol-a Galiza nova, que engade a aquelas voces a do porvir e quere que se erga, a par da razón dos pais, a dos fillos, e a par do vello saber o saber novo. Galiza foi sempre democrática. Eio agora en espírito — pese a o disfraz choqueiro que lle impoñen — con mais aberto hourizonte.

O que non foi endexamais Galiza — a verdadeira, non a dos burócratas — é sectaria, feixista, partidaria de poñer a súa vontade nas mans dos profesionais da opresión ou do mando. Endexamais a Galiza verdadeira ofreceu ese cadro das rans pedindo rei, nin da xente sen patria improvisando unións patrióticas.

Eran os burócratas das vilas, os que no coñecen os presaxios do ceo nin a persuasiva constanza da terra, e fan das leis e do estado unha leira que da sen sementeira nin traballo, eran eses — os ermos e desleigados — os que se enfeixaban «patrioticamente» baixo un cetro ou baixo un espadón. Pero Galiza estaba lonxe d'esas unións e ollaba unhas veces con receio, outras indeferente, moi adentrada sempre na súa esencial democracia milenaria de vivos e mortos, o carnaval político do vello réxime.

E cando veu a República non houbo talvez en ningures mais alborosada fe que na nosa terra. En toda a Hespaña despideuse á monarquía como ao carnaval: cun «enterro da sardiña». E alá na nosa terra os labregos rían como nenos, tomaban una cunca de mais, fan os mais vellos a palicar pol-os camiños con tanta bulla de esperanza como si tivesen moitos anos por diante. Berrouse «viva a República» até o xemer da vos que xa non pode mais. E escomenzouse a crer na política — na boa, que ten en conta a vos dos mortos, pero que non os fai votar pol-o cacique.

¿Qué se agardaba? Era a tradición verdadeira saindo ao encontro do porvir, o pai que xa non ten mais remedio que fiar do fillo. E berraban os dous — un de par do outro como hirmáns dun tempo — os mesmos vivas.

Non vos deixades enganar polos azares que permitiron aos feixistas o se impoñeren transitoriamente en Galiza. Por debaixo está un pobo que nada ten que ver con esa codia.

Galiza esta asoballada polos feixistas, pero endexamais foi feixista

Galiza é unha posibilidade que hay que trocar en realidade desplegando a súa potencia natural. Pero o feixismo non cré mais que na potencia dos feixistas, que é a cousa mais artificial do mundo, fundada no crime sistemático e na pedantería sistemática.

¡Galiza agarda as armas da liberdade!

¡Axudade todos a salvar a Galiza!

CARTA a Oliveira Salazar, dictador de Portugal

Dirixenlla Ramón Suárez Picallo e Alfonso R. Castelao, deputados galeguistas no parlamento da República Española

Como V. non deixaría chegar ao pobo portugués a voz dos patriotas galegos queremos que, pol-o menos, chegue a V. a queixa doirada de dous galegos que sempre amaron a Portugal.

Aseguráronnos que V. cré en Deus. Non-o sabemos... Non-o sabemos, porque Deus — infinitamente bó, sabio, xusto e ademais inmortal — non quixo ser Dictador e concedenos o libre albedrío para que nós mesmos buscásemos a felicidade; naméntas que V. — cativo verme que se considera feito a imaxe e semellanza de Deus — non tivo reparos en aferrallar a liberdade do pobo portugués e sometelo á súa vontade. ¡Gran pecado de soberba, señor dictador!

Non sabemos se V. é un dictador tan fuchendoso como Mussolini e Hitler (vemos que non gosta tanto dos fotógrafos); mais aínda que o fose non cremos que V. pretenda tapar coa súa figura hestórica aos proxenitores da Patria lusa. Eles conquerriron a independencia da Nación portuguesa e V. está xogándooa arestora na ruleta internacional.

Non sabemos se a Hestoria lle perdoará os seus delitos; pero sabemos que o Papa lle perdóu os seus pecados. Con todo non se crea seguro no castelo de fume que a imaxinación de V. creou, porque o pobo ten unha i-alma incoercible e do seu cerne poden xurdir xueces terriblemente vengatibles...

Mais non entanto é forzoso recoñecer que V. manda en Portugal.

Porqué axuda V. aos militares hespañoles que se ergueron en armas contra o Poder legalmente constituído? ¿Mideu V. os riscos que de semellante axuda poden derivarse para o Estado portugués? Porque a belixerancia de Portugal na guerra civil hespañola é, simplemente, unha imprudencia temeraria que non acredita o talento de V. Teña V. por ben seguro, ademais, que Hespaña vai ser a campá do feixismo internacional, porque vencer ao pobo hespañol en armas, dentro do propio territorio, é tan imposible como apagar a luz das estrelas soplando dende Roma. Agora ben; as axudas feixistas prolongarán a guerra e agravarán os seus resultados, en perxuizo, naturalmente, das concepcións que V. defende.

Mais nós imos falar somentes como galegos para que apareza máis de bulto a criminal intervención de V.

Sabe V. que Galiza ten todol-os atributos dunha nacionalidade — lingua, terra, hestoria, arte, espírito, etc. — e que, pol-o tanto, sería doado fomentar ali un ideal patriótico de carácter separatista; pero nós aspirá-bamos, modestamente, a unha simple autonomía que garantizara o libre desenvolvemento da cultura autóctona e que nos permitira resolver os problemas vitais que a morfoloxía social e económica de Galiza ten planteados. Sabe V. que Galiza presentou ás Cortes da República hespañola — tres días antes de estalar o movemento subversivo — un Estatuto autonómico proposto pol-a casi totalidade dos Concellos e aprobado, en plebiscito popular, pol-o setenta e cinco por cento do Corpo electoral; é dicir, dispois de cumprir co máis riguroso escrupulo as condicións que a Constitución exige. ¿Cré V., señor profesor de Dereito, que nós realizamos algún atentado criminal? Pois a fronteira portuguesa non se abreu para os autonomistas galegos que fuxían da morte, negándolle V. o dereito de asilo a homes que vivían dentro da Lei e que non cometeran máis delito que defendela. E a policía de V. — a policía dun país que aboliu a pena capital — entregou a moitos galeguistas para que fosen asesinaados.

Sabe V. que Portugal reclamou e conquereu, violentamente, a súa independencia nacional, máis que por tronzar a unidade hispánica, por non someterse á tiranía centralista. Portugal non quería morrer asimilado por Castela e nun rapto de xenio tronzou os vencellos familiares, pideu separación de bens e foise a vivir a súa vida na mellor fachada do fogar común, na gran fachada de Atlántico. Non cabe dúbida de que foi Portugal quen rompeu a unidade hispánica. E fixo ben. Agora, señor profesor de Dereito: Sabe V. que o «motivo patriótico» que invocan os militares hespañoles, para xustificaren o seu crime, foi provocado pol-a xenerosidade constitucional, pois, según eles, a concesión das autonomías pon en perigo a «sagrada unidade de la patria» cando, en verdade, sirve para fortificala. Sabe V. que os militares facciosos defenden, somentes, un sistema — o sistema unitario e centralista — que causou a perda do noso imperio colonial e a desintegración peninsular. Sabe V. que eses militares desprecian olímpicamente a Portugal, sen coñecelo, e gardan nos seus adentros, un anxeo irreprimible de reconquistalo; antrementras que os pobos autónomos da República hespañola serían sempre unha garantía da independencia de Portugal. Sabe V. que o triunfo do feixismo en Hespaña supón a volta de Catalunya, Euzkadi e Galiza á tiranía centralista — tiranía que Portugal non suportou —. ¿Cré V., señor dictador, que Portugal pode diñamente axudar aos militares hespañoles no afán de abolir as autonomías? Pois V. axuda a eses facciosos e concede asilo xeneroso aos políticos do vello sistema, convertíndo a Portugal en «galineiro de Hespaña».

Sabe V., a pesares de ser xudeu, que Galiza e Portugal forman, étnicamente, un mesmo pobo. Fórono no abreite da Hestoria e camiñaron xuntos moito tempo, a falar e cantar no mesmo idioma. Xuntos erguemos un dos máis belidos moimentos do mundo: a gran poesía lírica dos Cancioneiros galaico-portugueses. Xuntos creamos unha cultura e un xeito de vida. E o río Miño era o noso pai. Sabe V. que aínda dispois da malhadada separación Galiza e Portugal queríanse como dous namorados. Portugal era o mozo forte que picou para a guerra, e Galiza foi a moza que ficou a tecer saudades. Galiza déralle a Portugal, en prenda de amor, a fala e a arte; Portugal doulle moitas veces a Galiza o acorro do seu brazo forte. Sabe V. que a separación foi desventurada. A Portugal faltoulle a forza «frénica» de Galiza e toleou; a Galiza faltoulle a forza «simpatía» de Portugal e esmoreceu. A Portugal faltoulle o «camión» estrelado de Europa e a Galiza faltoulle a continuidade na Hestoria. Portugal esqueceuse de Galiza e lixou o seu sangue con mesturas de coor; Galiza esqueceuse de Portugal e ficou estéril para concebir. Pois ben, señor Oliveira: Sabe V. que os galeguistas éramos algo máis que políticos. Respetá-bamos, ¡como non!, a fronteira que separa os dous Estados peninsulares; pero queríamos alas para voar e comunicarnos con vós, por riba do Miño, por riba dos carabineiros e dos guardiñas. Queríamos volver a falar e cantar no mesmo idioma. ¡Con canto amor pensá-bamos en Portugal! Debe saber V. que o noso amor a Portugal valeunos a xenteira dos chamados «nacionalistas hespañoles» e que foi xustamente ese amor o delito máis grave que se nos imputa. ¿Cré V., señor Oliveira, que os galeguistas estábamos infectados de algunha enfermidade perigosa para o pobo portugués? Pois V. tratounos como apéstados, metendo galeguistas en cadeas inmundas ou entregándooos aos asesinos de «Falange española».

Sabe V. que os intelectuais portugueses e galegos comenzaban a formar unha comunidade cultural que sería outo espoñente da nosa estirpe atlántica. Chamá-bamonos irmáns, e Rosalía de Castro era o «corpo santo da Saudade». Un poeta, amigo de V., quixo engaiolar a Galiza con este chamamento: «¡Deixa Castela e ven a nós!». Sabe V. que os galeguistas fechá-bamos os ouvidos a todo chamamento ilícito; pero queríamos ser fideles aos legados da tradición e cada vez sentíamonos máis empurrados cara Portugal. O río Miño quería xuntarnos de novo. Sabe V. que os xornaes portugueses — sometidos á censura gubernativa — seguiron con simpatía os incidentes do movemento autonomista en Galiza e non disimularon o seu contentamento ante o resultado favorable do plebiscito estatutario. Outro tanto fixeran xa cando se resolveu o pleito catalán. Todo nos facía supor que Portugal arelaba unha estrutura federativa do Estado hespañol e nós soná-bamos — ¡para qué negalo! — con que algún día se consagrara definitivamente a irmandade galaico-portuguesa. Pois ben, señor Oliveira: V. matou as nosas ilusións. ¿Cré

V. que se pode axudar descaradamente aos imperialistas hespañoles? Pois V. fíxose cómplice deses asesinos que cometeron en España o crime máis arrepiante que a Hestoria rexistra. E V. feghou as portas, sempre abertas, da nosa República, aos seus propios amigos que logo rendirán contas ante a xustiza inexorable do pobo portugués.

Sabe V. que na Galiza — ¡aínda irmán de Portugal? — cometéronse moitos miles de asesinaados. Masacróuse o mellor e máis enxebre da nosa mocidade. Fusiláronse a centos de mulleres. Matáronse a rapaces cheos de vida en presenza de seus pais. As estradas apareceron diariamente orreladas de cadáveres desfeitos que non podían identificarse. Sacábanse da cadea os presos inocentes para seren asesinaados pol-a noite. As autoridades ordeaban fusilamentos, sen previa formación de causa. En fin; abonda decir que era un honor ser xuzgado e fusilado «oficialmente». Sabe V. que falamos en tempo pasado; pero que aínda hoxe sigue a masacre dos cidadáns galegos. Pol-os xornaes da nosa Terra — sometidos ao control militarista — verá V. a insaciable criminalidade dos seus aliados e amigos. Sabe V. que para reconstruír o noso fogar desfeito non-ous queda máis que a reserva dos galegos que andan pol-o mundo. Pois ben; estes galegos vengarán aos nosos mártires e crearán unha nova Galiza que xa non medirá sonetos en louvor de Portugal. ¿Cré V. que os bons galegos — enloitados para sempre — poden vivir sen maldecilo? Pois nós declámolle que V. causou o loito de moitas familias galegas por non abrir xenerosamente as portas de Portugal. E declámolle máis: V. será para os superviventes de Galiza algo menos que un asesino; será un cómplice de asesinos.

Alfonso R. Castelao
Ramón Suárez Picallo

¿Qué sería Galiza baixo o rexime feixista?

¿Qué sorte sería a de Galiza baixo as imposicións d'un feixismo «florecente»? Non é mester ser adiviño para sabelo. A conta bótase pol-os dedos.

Grandes empresas estranxeiras — de man cos potentados hespañoles — farían da Hespaña unha colonia. Esas empresas — e aquelas outras nas que italianos e alemáns non intervisen, por non lles ter conta — comporían, en xunto o sistema de intereses acobeixado baixo o nome de «industria nacional».

Nos países en que o feixismo impera, chámase industria nacional á industria concentrada que explota o gran capitalismo indixena. Na Hespaña tamén sería semente ese tipo d'industria o que se chamaria «nacional», co-a diferenza de que sería menos nacional ao ter de ser monopolizada por tres feixismos con sortos.

Pero a industria mais vital nos países da Hespaña — descontando algúns centros mineiros e metalúxicos, o gran comercio dos intermedios e certas industrias aínda escasamente aclimatadas — non é a concentrada e rexida directamente pol-o gran capitalismo, senon o chamado conxunto da produción labrega, mariñeira, doméstica e artesá: é suma, a industria que podemos chamar «demótica» e precapitalista. Máis esta industria espáreseida non se nomearía «nacional» — ou non tería os privilexos que ese título envolve na xerga dos decretos. Cun pretexto ou con outro sería asoballada e posta en ruína pol-o imperio armado dos plutócratas.

No seu proceso de crecemento, o capitalismo foi despoixando, unhas veces pol-a forza, e outras pol-a forza da competencia aos antergos traballadores — donos dos seus instrumentos de traballo e coa potestá de vender ou trocar eles mesmos o que producían. Apoiado no feixismo para saír do labirinto en que desembocou, e para esnaquizar a irmandade obreira, o capitalismo non fai outra

(Sigue na 4.ª páxina)

LOITO NA NOSA TERRA!

AS VICTIMAS DA BARBARIE FEIXISTA

Damos eiquí a lista mais extensa que até agora coñecemos das vítimas do feixismo en Galiza. Toda unha grande promesa para a nosa terra emigra coestes nomes nun solpor sangrento. Lembrados han de estar de volta na matina-da, cando chegue o día de escomenzar a traballar con limpo brío para dar compri-mento á nova Galiza, inxel, libre, audaciosa cara ao seu porvir.

Denantes, acompañe esa lembranza, aínda envolta en noite, a todol-os que loitan contra os bárbaros argallantes, contra os curtos de fronte, contra os que asesinan sen saber a quen... ¡Ennegrezase mais a noite da batalla con esa lembranza! ¡Santifícase a cólera no voso peito!

Pontevedra, Villagarcía, Bueu, etc.

Alejandro Bóveda Iglesias.
Manuel Ferreiro Panadeiro.
Jacobo Zbarski Kuper.
Gonzalo Acosta Pan.
Victor Sánchez Martín.
Lorenzo Carballo.
Fernández del Río.
Rda Illanzos.
Dionisio Pérez.
A. Jar.
Manuel Quinteiro.
Pascual González.
Manuel Rincón.
Carmelo Estévez.
Salvador Pastoriza.
Joaquín Blanco Vázquez.
Serafín López Castro.
Joaquín Blanco.
Serafín López Otero.
José Vidal Puga.
Manuel Puente Porto.
Rico Gaiteiro.
Arturo Pérez Lázara.
Germán Fernández García.
Manuel Graciano Araujo.
Manuel Barrio Requejo.
Maximino Martínez Pomar.
Marcelino Pasín Noya.
Segundo González Dávila.
Manuel Bóo López.
José Ramón Oubiña González.
Juan Rico.
José Adrio Barreiro.
Germán Adrio Mañá.
Carmelo Bernárdez Santomé.
Manuel Caamaño.
